

Data de aprobación: **31 de xaneiro 2017**

Órgano: **Consello Escolar**

Revisións: **Substitúe o Proxecto Educativo de centro (2009)**

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



## Contenido

1.	CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
1.1	Zona.....	3
1.2	Centro.....	3
1.2.1	Instalacións e equipamentos.....	3
1.2.2	Servizos complementarios.....	4
1.2.3	Sectores da Comunidade Educativa.....	4
1.2.4	Oferta Educativa.....	7
2.	PRINCIPIOS E FINS EDUCATIVOS.....	12
2.1	Principios.....	12
2.2	Fins.....	13
3.	MODALIDADE DE XESTIÓN DO CENTRO.....	14
4.	CONCRECIÓN CURRICULAR.....	16
4.1	Desenvolvemento da Concreción Curricular.....	16
4.2	Programacións Didácticas.....	16
5.	PLAN DE CONVIVENCIA.....	16
5.1	Plan de Convivencia.....	16
5.2	Normas de Organización e Funcionamento.....	16
6.	PLAN TIC.....	16
7.	PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	16
8.	PROXECTO LECTOR.....	16
9.	PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	16
10.	PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	16

# 1. CONTEXTUALIZACIÓN

---

## 1.1 Zona

## 1.2 Centro

É este un centro de titularidade pública. Foi creado no ano 1974 como CEIP A Picota para agrupar as antigas escolas unitarias da zona, nun centro único.

No ano 1999 o CEIP A Picota pasou a converterse no CPI que agora é, polo que abarca os 3 sectores da Educación Obrigatoria: Educación Infantil, Primaria e Secundaria, sendo o único centro do Concello que imparte ensino secundario.

Convive no Concello con outros dous centros de Infantil e Primaria: CEIP Pino de Val e o CEIP Víctor Sáenz. Os alumnos destes centros pasan ao remataren a educación primaria na súa maioría a cursar a ESO neste CPI.

### 1.2.1 Instalacións e equipamentos

Dispón este centro de dous edificios. O antigo, que iniciou a súa andadura no ano 1974; a un edificio máis moderno do ano 1999.

O edificio vello consta de dúas plantas. Nel impártense as clases de Infantil, Primaria e dous grupos de ESO. Hai tamén dúas aulas de medios audiovisuais, unha biblioteca, unha aula de infantil o comedor e a aula de PT de Secundaria.

Dispón dun ascensor entre a 1ª e 2ª planta, que non está en funcionamento. O edificio consta coas ramplas de acceso na planta baixa. Están tamén un despacho de recepción de pais e un aula de AL.

No edificio novo están os cursos de ESO, os despachos de Secretaría, Xefatura, Dirección, Orientación, Departamentos didácticos, laboratorio, aulas de Plástica, Tecnoloxía e Música así coma un ximnasio e unha biblioteca.



No que se refire ao recinto exterior, este centro dispón de 3 patios a distintas alturas con campos para diferentes deportes e dous patios cubertos. Un aberto e outro pechado destinado a fútbolín e ping-pong.

## 1.2.2 Servizos complementarios

### Comedor

O centro dispón de comedor. Trátase este dun servizo de xestión directa con un turno de comida diario, e con dous os luns. O primeiro turno para Primaria e o segundo para secundaria.

Traballan na cociña dúas persoas (cociñeiro e axudante) e colaboran na vixilancia dos alumnos no tempo de comedor e despois deste 5 pais/nais elixidos polo Consello Escolar entre aqueles que o solicitan.

Exerce o labor de encargada de comedor unha profesora de Primaria.

### Transporte

Todo o alumnado do centro, agás os que viven no núcleo de A Picota, son usuarios do transporte escolar. Para aqueles alumnos que viven a menos de 2 Km. do centro, solicítase permiso de uso excepcional de transporte para cada curso escolar.

Fan o servizo de transporte escolar as seguintes empresas:

EMPRESA	RUTAS	NIVEIS
AUTOS GONZÁLEZ	4	Ed. Infantil/Ed. Primaria
AUTOS GONZÁLEZ	6	Ed. Secundaria
VEHÍCULOS COSTA	2	Ed. Secundaria
AUTOS MAZARICOS	2	Ed. Secundaria

## 1.2.3 Sectores da Comunidade Educativa

### Profesorado

Traballan neste centro:

Ed. Infantil	3 profesoras	
Ed. Primaria	11 profesores	5 deles titores. Os restantes os de especialidade de: Inglés, Música, PT, Ed. Física, Relixión e AL. Estes últimos compartidos con outros centros; sendo este o seu centro base.



Ed. Secundaria	14 profesores de Ensino Secundario. 5 mestres adscritos. 1 Orientadora.	
En total	34 profesores, dos que 31 teñen destino definitivo e 3 destino provisional ou interino.	


### Alumnado

Os alumnos do CPI A Picota pertencen ás distintas parroquias que conforman o Concello de Mazaricos máis os alumnos das aldeas limítrofes dos Concello de Dumbría e Zas. Dada a situación de matrícula poderían matricularse aqueles alumnos que o desexen, ao existir prazas dispoñibles.

Algúns dos nosos alumnos continúan a súa escolarización neste centro e outros incorpóranse en 1º ESO procedentes dos centro adscritos CEIP Pino de Val e CEIP Víctor Saenz.

Nos últimos anos pódese apreciar unha importante diminución de matrícula, ligada á evolución da poboación do Concello e que reflicte na táboa anexa.

	1999 / 2000	2000 / 2001	2001 / 2002	2002 / 2003	2003 / 2004	2004 / 2005	2005 / 2006	2006 / 2007	2007 / 2008	2008 / 2009	2009 / 2010	2010 / 2011	2011 / 2012	2012 / 2013	2013 / 2014	2014 / 2015	2015 / 2016	2016 / 2017
Inf		32	38	34	29	28	33	29	25	33	35	39	32	25	22	28	33	34
Pr		118	98	93	86	83	86	73	74	73	71	67	74	76	73	71	65	64
ESO	274	267	248	241	215	213	160	170	162	140	128	131	116	113	125	106	106	101



## Pais

A participación dos pais na comunidade educativa foise incrementando nos últimos anos. Feito que se pode constatar na maior afluencia de pais ás titorías e na participación da vida no centro.

Existe unha asociación de pais e pais de alumnos, non moi representativa en canto a número de membros, pero sí en canto a colaboración co centro e a organización de actividades extraescolares.

Os pais dos nosos alumnos colaboran dende hai anos vixiando ao alumnado de comedor durante a comida e despois da mesma. Así mesmo prestan unha gran axuda no centro na organización do Entroido e puntualmente naquela que se lle solicite tales como actividades da biblioteca.

Todas estas colaboracións, xunto coa apertura do centro ás familias fan que exista unha relación fluída e altamente enriquecedora para os nosos alumnos e para a vida do centro en xeral.

## Persoal de administracións e servizos

Prestan servizo as seguintes persoas:

- Unha auxiliar administrativo.
- Dous subalternos.
- Dúas persoas de limpeza.
- Unha cociñeira.
- Unha axudante de cociña.



Os servizo de limpeza e conserxería son aportados polo Concello por tratarse este dun centro de titularidade municipal.

### Concello

Por tratarse este centro dun CPI, algúns aspectos do centro como os gastos de luz, o servizo de conserxería e os de conservación e mantemento correspóndelle ao Concello.

Ademais desta relación marcada polos factores antes mencionados este CPI mantén co Concello unha relación de colaboración estreita.

O centro presta as súas instalacións para a realización de actividades que o Concello organiza, tales como o "Campamento urbano", de uso do ximnasio cando o precisa.

Por outro lado a administración municipal ofértanos con frecuencia actividades complementarias para os nosos alumnos, e facilítanos o constante uso da Casa de Cultura e do campo de herba artificial pegado ás nosas instalacións.

Participa ademais o Concello cunha subvención para a saída didáctica dos alumnos de 4º ESO.

### Consello Escolar

Dadas as características deste centro a representación de sectores no Consello Escolar ten a seguinte estrutura:

- Equipo directivo:
  - Directora.
  - Xefe de estudos de Primaria.
  - Xefe de estudos de Secundaria.
  - Secretario.
- 6 representantes de profesorado.
- 2 representantes de pais.
- 3 representantes de alumnos
- 1 pais representando a ANPA.
- 1 representante do Concello.
- 1 representante do persoal non docente.

## **1.2.4 Oferta Educativa**

O centro imparte os seguintes estados:



- Educación Infantil.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.

## **MEDIDAS ORGANIZATIVAS E PEDAGÓXICAS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN**

### **EDUCACIÓN INFANTIL.**

O período de adaptación é un conxunto de fases sucesivas polas que o neno/a chega a acomodarse a un medio novo, o medio escolar, que non é coñecido nin habitual. Trátase dun intervalo de tempo necesario para poder asimilar cambios e integrarse na vida escolar, é un proceso complexo polas persoas implicadas no seu desenvolvemento e posta en práctica que contribúen á conquista persoal e acaba repercutindo no desenvolvemento xeral infantil.

No Decreto 330/2009 do 4 de xuño, figura que os centros educativos poderán programar o período de adaptación do alumnado para favorecer a transición á nova situación de ensinanza-aprendizaxe. Así mesmo, a Orde do 25 de xuño de 2009 dispón que os centros educativos planificarán un período de adaptación para favorecer a transición da familia ou da escola infantil do primeiro ciclo á nova situación de aprendizaxe, garantindo así a integración gradual do alumnado dende o inicio das actividades lectivas. Nesta orde sinálase que as liñas xerais de planificación do período de adaptación formarán parte da Concreción Curricular, recollida no Proxecto Educativo, e que este período non poderá superar o mes de setembro, pero tampouco poderá alargarse máis de 10 días despois do inicio das clases se atendemos á orde do calendario escolar.

Cada ano terase en conta a orde do calendario que sae en maio ou xuño para organizar as xornadas do período de adaptación.

Neste período de adaptación é moi importante a relación familia-escola, dado que a familia é o primeiro contexto de socialización dos nenos/as e, por iso, na planificación do período de adaptación deséñanse actividades para tres momentos diferenciados onde as familias participarán activamente:

1. Antes do seu desenvolvemento e trala formalización da matrícula, de acordo o Decreto e a Orde de Admisión, no mes de xuño celébrase no centro educativo unha xornada de convivencia para que os pais/nais acudan acompañados dos nenos/as e coñezan así o centro, os mestres e a aula que ocuparán durante o curso académico. Nesta xornada de portas abertas tamén recibiron información mediante unha reunión celebrada coa directora.
2. Durante o seu desenvolvemento e xa no mes de setembro, antes do inicio das clases celébrase unha reunión con todas as familias da etapa da Educación Infantil





dirixida polo Equipo Directivo do centro para presentar ó Equipo Docente de Educación Infantil e dar a coñecer as normas xerais de funcionamento do centro.

Coa posta en práctica do período de adaptación, na aula realízanse actividades variadas como establecer ritmos e rutinas tales como a posta do mandilón, vestirse e espirse, a asemblea, a toma da merenda sen axuda, hábitos de hixiene e de recollida de materiais, coñecemento dos compañeiros/as, organización da aula e creación de murais e carteis, obradoiros de manualidades, lectura de contos... Así mesmo, tamén terá lugar o seguimento do proceso, adecuarase o horario se así se require e diariamente ten lugar o intercambio de información familia-escola.

3. Despois do período de adaptación avaliarase o proceso mediante a información proporcionada pola familia, a observación directa e sistematizada, tal é como indica a Orde do 25 de xuño de 2009 xa citada. Tamén se celebrará unha reunión de xeito individualizado con cada unha das familias do alumnado. Así mesmo, estableceranse propostas de mellora.

Os obxectivos propostos para este período son:

1. Crear un ambiente acolledor que motive aos pequenos na súa incorporación a escola.
2. Potenciar a adquisición progresiva de hábitos básicos de convivencia.
3. Potenciar a adquisición progresiva de hábitos de autonomía persoal.
4. Posibilitar un achegamento harmonioso entre os nenos e nenas, e destes cos mestres e mestras.
5. Establecer normas básicas para o funcionamento da aula.
6. Distribuír e organizar os espazos da aula entre todos.

Os contidos a traballar para acadar estes obxectivos serán:

- A escola e a miña aula.
- A mestra e os compañeiros/as.
- As normas de convivencia na escola.
- Vocabulario básico dos primeiros días: xogos, mesas, símbolos, compañeiros, recantos,...
- Achegamento progresivo cara unha convivencia social adecuada na escola.
- Adquisición de hábitos de conduta que faciliten a adaptación dos alumnos ao medio escolar.
- Adquisición progresiva de autonomía persoal imprescindible para o seu desenvolvemento na escola.
- Coñecemento de elementos característicos da vida escolar (encerado, plastilina, mesas, cancións,...)
- Confección de carteis indicativos (de normas, recantos, actividades,...), e elementos para actividades diarias (calendario, distintivos, identificación persoal,...).
- Interese e goce ante as actividades que se realizan na escola.
- Respecto cara a mestra e os compañeiro/as.
- Coidado do mobiliario e o material da aula.
- Respecto polas normas de convivencia propias da escola.



Por outro lado, cabe destacar que se lles informará as familias sobre as vantaxes ou inconvenientes do uso do comedor no mes de setembro, recomendándolles o seu inicio no mes de outubro, pois dispoñen de máis tempo para comer. A súa decisión quedará recollida nunha circular.

## **CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO E PARA A PLANIFICACIÓN EDUCATIVA DOS ESPAZOS E A ORGANIZACIÓN DO TEMPO EN EDUCACIÓN INFANTIL.**

O ambiente de aprendizaxe terá unha axeitada distribución espacial e temporal e disporá de diversos e variados recursos para que o alumnado alcance os obxectivos propostos.

### **1. Distribución espacial**

Os criterios para os agrupamentos en educación infantil aparecen establecidos na orde do 25 de xuño de 2009, a cal marca unha rateo máxima de 25 nenos/as nas aulas ordinarias e de 20 alumnos en aulas mixtas.

Os nenos/as disporán de lugares para xogar e para estar concentrados e espazos propios e de uso común nos que se sintan cómodos.

Os recantos concíbense como espazos fixos ó longo do curso académico e o paso do alumnado polos distintos recantos organizarase en base a un horario fixo aínda que adaptable e modificable en función de cada actividade. Algúns exemplos de recantos serían: recuncho da biblioteca, recuncho da lóxica-matemática, recuncho das TIC'S...

### **2. Distribución temporal**

Na distribución do tempo seguirase o principio de flexibilidade e será variado, alternando tempos de actividades específicas, de descubrimento e manipulación, con tempos de rutinas, accións organizativas realizadas a diario que permiten ordenar e dar un significado á xornada escolar, ó contribuír a que os escolares adquiren progresivamente maior autonomía persoal dando lugar a situacións de interacción e socialización co seu grupo de iguais. Algúns exemplos das rutinas diarias son: rutina de entrada, asemblea, rutina do encargado, traballo individual ou colectivo, rutina de saída...

A isto súmanse as sesións cos distintos especialistas segundo o día e cada caso en concreto.



## Configuración do Currículo

### Ensinanza de Relixión

Ofrécese como optativa a ensinanza de Relixión Católica. Aqueles alumnos que non desexen cursar esta ensinanza, cursará a optativa de Valores Éticos, tal e como marca a LOMCE.

### Linguas Estranxeiras

A primeira lingua estranxeira é o Inglés.

A única 2ª lingua estranxeira que os nosos alumnos cursan en Secundaria é o Francés. Nos primeiros cursos da ESO de xeito é obrigatoria, salvo para aqueles alumnos que presenten claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas áreas de linguas.

Estes alumnos poderán quedar exentos desta materia, pasando a recibir no seu lugar Reforzo de linguas.

### Materias de libre configuración do centro

MATERIAS	CURSOS
Reforzo/ampliación de linguas	4º e 6º Educación Primaria
Reforzo/ampliación de linguas Obradoiro musical	1º ESO
Reforzo/ampliación de linguas Promoción de hábitos de vida saudables	2º ESO

### Materias optativas

3º ESO	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Francés</li> <li>• Cultura Clásica</li> </ul>	

4º ESO	
Itinerario de Académicas	optativas
Troncais Itinerario 1 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Física</li> <li>• Bioloxía</li> </ul> Itinerario 2 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Latín / Economía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Cultura Clásica (Sempre que non se cursara en 3º ESO)</li> <li>* Tecnoloxía da Información e da comunicación.</li> <li>* EPV</li> <li>* Francés</li> <li>* Música</li> <li>* Cultura Científica</li> <li>* Tecnoloxía</li> </ul>



Itinerario de Aplicadas	optativas
<p>Troncais</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias aplicadas á actividade profesional.</li> <li>• Iniciación á actividade emprendedora e empresarial</li> <li>• Tecnoloxía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Cultura Clásica (sempre que non se cursara en 3º ESO).</li> <li>* Tecnoloxía da información e da comunicación.</li> <li>* EPV</li> <li>* Francés</li> <li>* Música</li> <li>* Cultura Científica</li> </ul>

## 2. PRINCIPIOS E FINS EDUCATIVOS

O CPI A Picota é un centro público, aberto polo tanto a todos os alumnos/as que reúnan os requisitos académicos establecidos pola lei independentemente da súa raza, sexo ou crenzas relixiosas.

Os membros da comunidade escolar deste centro maniféstanse absolutamente respectuosos coas tendencias políticas e relixiosas dos seus membros.

A actividade didáctica irá encamiñada a abrir ante os/as nosos/as alumnos/as un abanico o máis amplo posible de ideas para que eles exerciten a súa capacidade crítica para facer deles membros responsables e activos na sociedade.

### 2.1 Principios

a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

b) A equidade, que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.

c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

d) A concepción da educación como un aprendizaxe permanente, que se desenrole ao longo de toda a vida.



- e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- f) A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- g) O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- h) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- i) A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ó Estado, ás Comunidades Autónomas ás corporacións locais e aos centros docentes.
- k) A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- l) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- m) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.
- n) O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- Ñ) A avaliación do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación e organización e nos procesos de ensinanza e aprendizaxe como nos seus resultados.
- o) A cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas na definición, aplicación e avaliación das políticas educativas.
- p) A cooperación e colaboración das Administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa.

## **2.2 Fins**

- a) O pleno desenrolo da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- b) A educación no respecto dos deberes e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminacións das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.



- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular o valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- f) O desenrolo da capacidade dos alumnos para regular o seu propio aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenrolar a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenrolo de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, si a houbera, e nunha ou máis linguas estranxeiras.
- k) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento

### 3. MODALIDADE DE XESTIÓN DO CENTRO

---

Traballamos por un centro coas seguintes características:

- **Participativa**, na que tódolos membros da comunidade educativa colaboren segundo as súas posibilidades.
- **Consensuada**, para así lograr que as decisións sexan asumidas como propias por toda a Comunidade Educativa.
- **Transparente** en tódolos aspectos relativos ó funcionamento do centro, especialmente nos temas económicos e xestión.
- **Responsable**, pretendendo que tódalas persoas pertencentes ó Claustro se impliquen e participen na toma de decisións.
- **Eficaz**, cunha directiva capaz de organizar, motivar e xestiona-los recursos, tanto materiais como profesionais cos que contamos.
- **Motivadora** tratando de renovar nos docentes a ilusión pola actividade diaria profesional.



Todo isto lévanos a pensar nun centro:

- Cunha distribución axeitada de tarefas entre os membros do equipo directivo salvaguardando as atribucións propias de cada un.
- Onde tódolos sectores da Comunidade Educativa asuman as súas tarefas, participando e implicándose na vida do centro.
- Onde estea presente o respecto ó labor do Consello Escolar e do Claustro como órganos colexiados que interveñen no goberno do centro
- Onde o alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) acceda ó ensino en igualdade de oportunidades contando cos recursos humanos e materiais necesarios para conseguilo.
- Onde os encontros educativos coas familias, en ámbitos como a titoría, a orientación e tódolos que atinxan á educación e escolarización dos seus fillos sexa fluída.
- Con contactos e relacións fluídas coa Administración municipal, facilitando así a apertura do centro ó contorno próximo e a confluencia no desenrolo de actividades complementarias e extraescolares.



## **4. CONCRECIÓN CURRICULAR**

---

### **4.1 Desenvolvemento da Concreción Curricular.**

### **4.2 Programacións Didácticas**

## **5. PLAN DE CONVIVENCIA**

---

### **5.1 Plan de Convivencia.**

### **5.2 Normas de Organización e Funcionamento**

## **6. PLAN TIC**

---

## **7. PROXECTO LINGÜÍSTICO**

---

## **8. PROXECTO LECTOR**

---

## **9. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

---

## **10. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

---